



CONCELLO DE CHANTADA

RExpediente núm.: 676/2018

Informe de Secretaría

Procedemento: Delegación de competencias.

INFORME DE SECRETARÍA

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de data 25 de xuño de 2018 e en cumprimento do establecido nos artigos 54 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e do artigo 3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

INFORME

PRIMEIRO. A Lexislación aplicable vén determinada por:

— Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

SEGUNDO.

O artigo 22. 4. Da LRBRL dipón: “ El Pleno puede delegar el ejercicio de sus atribuciones en el Alcalde y en la Junta de Gobierno Local, salvo las enunciadas en el apartado 2, párrafos a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) y p), y en el apartado 3 de este artículo”. Polo tanto o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, salvo as seguintes:

- O control e a fiscalización dos órganos de goberno.
- Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais; alteración do termo municipal; creación ou supresión de municipios e das entidades a que se refire o artigo 45; creación de órganos desconcentrados; alteración da capitalidade do municipio e o cambio de nome deste ou daquelas entidades e a adopción ou modificación da súa bandeira, insignia ou escudo.
- A aprobación inicial do plan xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera de devanditos instrumentos.
- A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas.
- A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos orzamentos, e a disposición de gastos en materia da súa competencia e a aprobación das contas; todo iso de acordo co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- A aprobación das formas de xestión dos servizos e dos expedientes de municipalización.
- A aceptación da delegación de competencias feita por outras Administracións públicas.
- A formulación de conflitos de competencias a outras entidades locais e demais Administracións públicas.
- A aprobación da plantilla de persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios e o número e réxime do persoal eventual.
- A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
- As que deban corresponder ao Pleno por esixir a súa aprobación unha maioría especial.
- A votación sobre a moción de censura ao Alcalde e sobre a cuestión de confianza exposta polo mesmo, que serán públicas e realizaranse mediante chamamento nominal en todo caso, e



CONCELLO DE CHANTADA

réxense polo disposto na lexislación electoral xeneral.

TERCEIRO. O procedemento para levar a cabo a delegación é o seguinte:

- A. Proporase a posibilidade de delegación do Pleno na Xunta de Goberno Local.
- B. Unha vez presentada a proposta acordarase por Pleno a correspondente delegación de competencias.
- C. O acordo adoptado publicarase no Boletín Oficial da Provincia, cursando efecto a partir do día seguinte ao da súa adopción.
- D. Darase conta á Xunta de Goberno Local do acordo de delegación de competencias na próxima sesión que se celebre.

Este é o meu informe sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito.

Chantada, data da sinatura dixital
A Secretaria Xeral,
Asdo.dixitalmente: María Álvarez Alvar